

O meu final

Cada mañá, os antepasados marchan descalzos para non espertarnos, como último xesto de amor- dicía a mestra Chus de galego, mentres eu pensaba como crear un libro no meu tempo libre.

De súpeto, tiven unha idea: facer un libro co título “A profe de galego Chus”. Foi a mellor idea do mundo. Cando cheguei á casa, comecei a escribir como unha tola e, cando estaba a punto de rematar, veu a miña irmá, coma sempre, pero libreime dela rapidamente cunhas pinturas e unas follas de papel, así ata que recordei que...

Non sabía que final pór!!!

Entón, ao día seguinte, fun preguntarlle a cada un dos profes de todo o instituto IES Pedras Rubias, pero non obtiven resposta de ningún, agás da profesora de galego que me dixo: “Cada persoa que escribe un libro, un conto ou unha novela é a que ten o poder de poñer o seu propio final ”.

Irene Iglesias Gómez 1ºB.